

## **PROXECTO PFPP 2019-2020**

### **Descrición do centro educativo**

O CEIP Francisco Vales Villamarín é un centro de titularidade pública que conta aproximadamente cun millar de alumnos/as de infantil e primaria, distribuído en aulas de máis de vinte. Están escolarizados arredor dun 8% de inmigrantes, procedentes na meirande parte de países de fala hispana e con coñecemento do idioma. O número de alumnado de NEE supón un 14% do total. A opción de Relixión segue a ser maioritaria, aínda que tende a diminuír. Os 68 docentes que forman o claustro son case todos/as da contorna, moitos/as definitivos no centro. Estrutúranse en grupos de nivel en primaria e en ciclo en infantil, formando así equipos de traballo coherentes nesta grande magnitude de persoal. O colexio está situado nun medio urbano, pero por tratarse dun centro comarcal, conta con alumnado de primaria do entorno rural dos concellos limítrofes de Coirós e Paderne. Consta de dous recintos (un de infantil e outro de primaria) separados medio quilómetro. Ofrece comedor, transporte e actividades extraescolares que complementan o horario de 9:00 a 14:00 horas.

Traballamos as seis liñas estratéxicas da Consellería a través de plans e proxectos de centro e ampliamos con outros, en colaboración co Concello, Deputación e entidades ecoloxistas tódolos aspectos que debemos ter en conta para conseguir a educación integral do noso alumnado.

### **Metodoloxías didácticas do centro:**

A formación no centro ao longo dos cursos nos que desenvolvemos o PFPP, xunto coa formación individual que cada docente engade pola súa conta está a repercutir nas metodoloxías que se están aplicar nas aulas, observando unha modificación no tipo de aprendizaxe que se fomenta, máis participativo, significativo e por competencias.

### **Recursos:**

En canto a recursos espaciais e materiais, contamos con suficientes espazos: aulas ordinarias, aulas de inglés, de PT, de AL, de desdobre, de E.F., de Plástica, de informática, de Música, de usos múltiples, biblioteca, patios e pavillón. Os recursos tecnolóxicos van en aumento, de maneira que o centro conta co proxecto E-dixgal nas dez aulas de 5º e 6º de primaria, proxecto de robótica en 5º e 6º de primaria, ademais de dispor en tódalas aulas e espazos de ordenador e encerado dixital ou pantalla, que permiten un óptimo aproveitamento para todas as actividades que se levan a cabo no centro. A páxina web do cole está asociada a numerosos blogs de aulas, de orientación e de biblioteca. O persoal é o suficiente para permitir liberación horaria ás persoas que coordinan os distintos departamentos e niveis, ademais dos que atenden as necesidades de biblioteca e TIC.

## **Observación de déficits e fortalezas na aula**

O profesorado, na súa maioría, segue a participar de maneira activa e coordinada no funcionamento do centro e en tódolos proxectos que se están a levar a cabo. Tamén colabora na elaboración dos Plans e Proxectos que se veñen facendo ultimamente e amosa interese por formarse e mellorar a situación. É consciente das necesidades que aparecen cada ano no centro e por iso amosa preocupación e demanda formación para facerlles fronte, dominando conceptos e cambiando metodoloxías, para ser máis eficaces. Parte da necesidade de traballar para un proxecto común e participa dende a súa aula no Proxecto Documental Integrado. Coñece algunhas características do seu alumnado e trata de aplicar novas técnicas pedagóxicas que fomenten a inclusión e as habilidades sociais, mellorando a convivencia.

Temos a necesidade de continuar formándonos nas novas tecnoloxías. Tamén debemos traballar a aprendizaxe dende a lectura e o traballo na aula dende o PDI da biblioteca. Por último, debemos desenvolver as habilidades sociais na práctica en aula e no traballo de titorías para conseguir un maior grao de desenrolo persoal, académico e social, nos que afondaremos co 2º ano de Educación Responsable.

Nun centro tan numeroso, é fundamental continuar este PFPP de maneira coordinada e darlle sentido de equipo, que todas as actividades formativas teñan relación directa coas necesidades reais do centro e os resultados sexan compartidos por todos/as.

## **Análise dos resultados das avaliacións individualizadas de 3º e 6º de EP e dos resultados académicos do centro:**

As avaliacións individualizadas de 3º de primaria son moi pouco significativas, pois o número de alumnado asistente non é representativo, é moi escaso. Se temos en conta os resultados das avaliacións trimestrais e ordinarias que se levan a cabo no centro, observamos que é preciso seguir modificando metodoloxías nas aulas que traballen de maneira máis inclusiva e fomenten a participación do alumnado cada vez máis. As competencias lingüísticas e matemáticas deben mellorar. As materias de libre configuración de 4º e 6º están dedicadas a estas competencias, igual que o plan de acompañamento PROA que se está a levar a cabo dende hai varios anos.

## **Aspectos destacables da documentación do centro:**

As NOF están apunto de ser presentadas e precisamos elaborar o Plan de Ación titorial durante este curso, por iso abrimos unha liña de traballo de xestión dedicada a desenvolver esta tarefa.

## **Obxectivos de mellora a curto e medio prazo:**

- Consegui que a biblioteca siga sendo a guía e o centro de recursos do traballo nas aulas, desenvolvendo as competencias do alumnado a través do traballo dende a lectura..
- Coñecer e dominar os recursos das novas tecnoloxías (Edixgal e Robótica) e aplicalos nas aulas.
- Coñecer as aprendizaxes emocional, social e creativa necesarias para aplicalas no centro e conseguir o desenvolvemento integral do alumnado e melloras na convivencia do centro.
- Continuar coa mellora da xestión do centro, elaborando o Plan de acción Titorial.